

ALENTO

BOLETÍN DE ESTUDOS POLÍTECOS

CONTÉN:

Dintel xurídico - político da nación galega. - *F. F. del Riego.*

O meu galeguismo. - *P. Pedret Casado.*

Cousas do centralismo. - *Ramón Villar Ponte.*

Galiza

N.º 4

Outono

1934

Prezo: dous réas

RG 1/4

Faico Pasfa Paudal

ACADEMIA XELMÍREZ

Colexio Residenza

Gonga, 9 e Xelmírez, 11 - Teléf. 1236 - Apartado 20

SANTIAGO

Profesorado Tiduado

Todal-as habitazóns da residencia están no colexio e teñen luz directa, auga corrente e timbres eléctricos. coartos de baño e duchas.

Bibrioteca, gabinete de Física, labomadorio de Químeica. Seizón de deportes.

R. Rodríguez Somoza

ESPECIALIDADE

EN DOENZAS MENTÁS

Huérfanas, 21

SANTIAGO

F. Barreiro Salas

Périto Agrícola

Campo do Gayo, 14 - SANTIAGO

Xohan Xesús González

ABOGADO

Matriculado nas Audenzas da Cruña e Pontevedra

RUA NOVA núm. 46 - 1.º

SANTIAGO

Librerías Porto

Libros de Texto
pra total-as Facultades
i-Escolas Especiás.

Libros de Consulta, Estudos e Recreo.
Bibrioteca de utilidade práctica.

PRAZA DE CERVANTES, 12
Teléfono 1223

RUA DO VILLAR, 16
Teléfono 1123

Apartado de Correos, 9

SANTIAGO DE COMPOSTELA

CAFÉ «DERBY»

Huérfanas, 20 :: SANTIAGO

Propietario :

Avelino San Luis Vázquez

onde se gosta o millor café
: da cidade :

CAMISERÍA

LINO

HUÉRFANAS, 1

SANTIAGO

Pra artigos de coiro, viaxe i-esport
ninguén como

TALABARTEIRÍA

VEIGA

SENRA, 9 :: SANTIAGO

ALENTO

BOLETÍN
DE ESTUDOS
POLÍTECOS

N.º 4 - OUTONO DO 1934

DIREIZÓN: ALGALIA DE ARRIBA, 35-1.º - SANTIAGO

Visado pol-a censura militar

DINTEL XURÍDICO-POLÍTICO DA NACIÓN GALEGA

Punto inicial

O ilustre profesor Stammler, da Universidade de Berlín, tocaba pol-o ano dazaoito con ares de bulra, a conceizón da polftica romántica dun *esprito nacional*, perguntando si este esprito é

verde ou azul, redondo ou cadrado, e tamén un pouco, por igual razón, da democrática *volonté générale*, tratando de reducir o auténtico contido distes ideás prácticos ao criterio do seu dereito xusto.

Sin desexar mergullarnos nun estudo de Filosofía do Dereito, nin muito menos nunha crítica en col do inteleitualismo de Stammler, nós, alonxados das puras formas racionás e guiados por un outo contido de vida e de sensibilidade, afirmamos a nosa creencia, pra edificar o senso xurídico-político da nación galega no «ser» dun espírito nacional e na vivencia dunha «volonté générale», en consoancia coa estreitura natural e histórica da propia nacionalidade.

O proceso auténtico de desenrolo do grupo primixenio, acorde coa tónica político-sociolóxica de formación espiritual da patria galega. A aspiración ao pactismo sinalagmático, inspirada na mellor corrente do hegelianismo, coma resultado da existencia nacional. E logo, a verdade inconcusa dos ideás xustos que determinan aqueles motivos, claramente naturaes e lóxicamente denanteriores e distintos, pol-a sua propia refreición, ao formalismo dun dereito xusto, veñen a ser coma o guión explicativo do tídeo que encabeza o presente traballo.

O que é, e cómo se forma a nación

No ámpito denso do dereito púbrico as correntes direitricas que marcan a pauta na discusión, asinaron teorías diversas e aínda opostas en col do concepto de nación, arredor dos períodos que determinaron a formación da mesma. Hauriou, representante dun criterio unilateral e antifederalista —explica a integración da democracia nunha doutrina corporativa do Estado— define as nacións como: «Grupos de poboación afincados no chán, xunguidos por un lazo de parentesco espiritual que desenrola o pensamento da unidade do grupo mesmo». Hai un núcleo consuetudinario asimilado pol-o longo convívio no territorio, que non soio crea as nacións, sinón que consinte o que éstas continúen asimilando aos inmigrantes; únicamente il é capaz de enxendrar o *parentesco espiritual* nacional, que non conquiren nin a comunidade de língua

nin de relixión. Xunto dñl, outro elemento indispensábel, o *pensamento e a vontade nacional*. Así existe a nación, pero como unidade vivinte está larvada, e somentes a súa metamórfosis nun Estado centraizado fará dela un ser perfecto.

Renán en *Qu' est-ce qu' une nation?* dí, que unha nación é unha ialma, un principio espiritual...; têr glorias comúns no pasado, unha vontade común no presente, haber feito xuntos grandes cousas, estar en disposición de voltar a facelas: veleiquí a condición esencial pra ser un pobo.

Dun xeito somellante, Mancini: unha sociedade natural de homes e de lingua que aceita unha «communanza» de vida e de concencia social.

A arquitectura conformativa de Galicia encadra perfectamente no campo requisitorio dos devanditos teoretas.

En efecto; alonxados da época dos Kjoekkenmeddingen e dos Ligures, ollamos coa Civilización dos Castros nos tempos Céltigos o lazo de parentesco espiritual nacional manifestado na fala, no modo de ser, nos costumes, nos caracteres étnicos e sociaes. De parella maneira atopamos a vontade nacional acompañada ao desenrolo histórico refrexándose contra da invasión romã, ao pé das loitas contra dos árabes e dos normandos, baixo da monarquía constituída pol-os suevos, nas revoltas contra dos reises de Asturias... Galicia reasume innegabelmente as dúas primeiras condicións que asíña Hauriou na xeira constitutiva das nacións, pero non recolléu o terceiro elemento que califica o tratadista francés como definitivo pra facer délas seres perfeitos, porque no senso ortodoxo do nacionalismo a nación pra ser nación non necesita trocarse en Estado centraizado. A obra político-sociolóxica de Hauriou iniciada a fins do século pasado requería esta terceira condición pra xustificar o seu concepto de Estado e as súas doutrinas de tendencia sociolóxica en col da democracia. O espiritualismo sociolóxico inspirado na socioloxía de Tarde do que se considera a sí mesmo coma un clásico renovado, teimóu enxergar dun xeito parcial e artificioso o asentamento dunha conceición política contradictoria sobor da base de negar á nación a consideración de tal, namentras se non erixise en Estado.

Pero o derradeiro concepto refrexado por Hauriou, fica roto mediante estas afirmacións de Durán y Ventosa: «Si a nación é a

sociedade completa natural e histórica, a súa existencia non pode depender dun feito acidental como é o recoñecimento do lugar que ocupa entre os países ceibes mediante a súa erección en Estado. Grecia era nación denantes de recabar a súa independencia de Turquía, de se constituir en reino e de ser recoñecida coma Estado por Europa...»

Contrariamente á doutrina francesa, a Escola Xermánica considera á Raza fundamento da nación e impón á nación as fronteiras da Raza. Tan distantes nós dista teoría, coma a que nos impón a tendencia democrática do noso nacionalismo, podemos mediante ela considerar tamén á nosa patria, cruzada por tantas razas e civilizacións anque fundidas todas nunha predominante, no cadro das nacionalidades diferenciadas. Asimesmo seguindo a tesis Materialista Histórica: Galicia é unha unidade orgánica que creou unha unidade económica, unha economía fechada, determinante da unidade política, da nacionalidade.

Pero pra qué seguir ista oración de carácter enumerativo e non circunscribirmos ao estricto da secuencia ideolóxica?

Galicia é unha nación tanto si se ollá dende o punto de vista espiritualista da súa formación coma si se analiza atendendo ao criterio materialista, motor da súa evolución económica nacional. E Galicia revelouse coma tal no intre en que o convivio histórico transformou en lazos voluntarios, en unión ceibemente consentida o que denantes foron loitas de razas, domiño de príncipes e señores sobor dos servos e vasallos.

O principio das nacionalidades

Sobor do hourizonte vello e mouro dun pasado —Principados Hereditarios Cívís, Absolutismo, Esprito Ilustrado— sentimos que o século dazanove afinca a punta rosa do seu pé cara un meridián albeante de futuro. Coma un ovo de ouro iste século leva encapsulado algo que é mester declarar, afirmar e recoñecer: a reivindicación do dereito de independencia, de liberdade diante do extranxeiro, o non completo pero aínda así, saudábel principio da nacionalidade. O fundamento da nación, a razón de onde

se deriva ou na que apoia a súa existencia comenza a preocupar a atención dos que queren compoñer un novo andamiaxe xurídico-político en col dunha declaración dos Dereitos dos Pobos. Nas novas indias da liberdade (descubertas por heroicos nautas) dícese o decálogo redentorista das terras opreixas.

E na tolvaneira dos credos que xurden, nacen os nacionalismos ibéricos —Galicia, Cataluña, Euzkadi— nacen pol-os poetas, pol-os artistas, pol-os arqueólogos, escudriñando na memoria do pobo, remexendo nas obras das xeneracións pasadas. Pero aínda non están tinxidas cō aplomo frío, coa obxetividade xenial do Dereito. Foi Prat de la Riba quen fixo brotar a idea xurídica do nacionalismo na Iberia, ao establecer o raid de continuidade no fío truncado do vivir nacional: «O escravo román era home anque pol-as leises do seu tempo fose unha cousa nas máns de outro home, do home oficial que as leises recoñecían. A nación era nación, anque as leises a tivesen suxeta coma o escravo román á outra nación, a nación oficial, a nación privilexiada. O home era home anque pol-a lei non o fose, a nación é nación anque pol-a lei non o sexa».

Non compría outro guieiro prâ defensa dos dereitos naturás de Galicia. O encadeamento dos precedentes, o espírito da tradición, a trama institucional, constituían co iles, a base xurídico-política pra continuar a obra viva que é a razón de ser de cada pobo.

E contra da partición da nosa Terra en catro provincias, arbitrarias divisións ademenistrativas e territorias, estabrecidas sin ningún fundamento histórico, xeográfico, nin económico, érguese baixo daquél concepto a intanxibilidade dun soio corpo e dun soio espírito nacionais vivintes, que refusa o legado oneroso e falso donado a Galicia pol-as revoltas constitucionás da Hespaña.

Tal vegada no orde xurídico se non teñan feito estudos xustificativos encol do problema candente da nacionalidade galega, pero é unha indefeizbel verdade que a carón do pouso dunha tradición sólida e na determinante meditación duns orixes comúns que definen a Galicia nunha realidade étnico-histórica, atópase a expresión xurídico-política que a concibe como auténtica nación. E si ben é verdade que os dereitos naturás dos pobos si muito valen como necesidade lóxica, como tendencia non teñen un valor real i efeitivo sin que se lles recoñeza, tamén é certo que Irlanda adonouse precisamente da súa posición real cando fixo chama-

mento a eles, e o mesmo Checoslovaquia e Polonia..., cando invocaron eses propios dereitos.

Cecáis se necesitase a audacia revolucionaria e o xenio político pra confirmar o dereito de liberdade nacional. Pero asín coma o Renacemento xurdía primeiramente no pensamento de Dante e de Maquiavelo, en tempos máis perto de nós, estivo denantes que no feito, na doutrina de Mancini e de Mamiani, non menos que no apostolado de Xosé Mazzini.

Velahí coma sempre que unha idea é fecunda fica o tempo necesario pra desenrolar unha influencia. A idea trócase en fé, e soio ao traveso da fé que inspira, acende o sentimento e incorpórase á conduta.

Pactismo confederativo

No campo xurídico caraiterízanse coma contraituales, as aiti-vidades concurrentes cando son aiti-vidades ceibes que cooperan a unha obra e aceitan certas limitaciós en troques de certos dereitos.

Estamos certamente neste campo, pra observar a eisistencia no panorama ibérico e internacional de aiti-vidades concurrentes que desexan coas condiciós requeridas nos contratos, o establecemento dunha eisistencia confederativa peninsuar primeiro, e universal despois.

O espléndido agromar das diferencias prodúcese pol-a aición de individualidades caraiterizadas, e cada diferenca consinte a acentuación dun principio novo, o ensaio de novas fórmulas, a realización de conceiciós distintas. Dende logo, a cada diferenca corresponde o esprito de cada Patria, un dos elementos de vida de que fala Giuseppe Mazzini, e que son perennes, e cada Patria tén que xuntar a súa individualidade acusada ao concerto mundial dos pobos. O home individuo —diremos con E. Ahrens— non desaparéz na familia; a familia fica intaita no municipio; o municipio debe conservar a súa individualidade na vida nacional; e os pobos non desaparecerán na vida confederativa.

Tal é a única política capaz pra solucionar os problemas nacionais, i en especial o problema nacional de Galicia, unha confederación ceibemente paitada sobor das bases de independencia po-

lítica, interdependencia económica e fraternidade espiritual. O paito xêral tén de ser a base xurídica da unión confederativa que establece unha orgaización de dereito en que se coordinen as nacións con dereitos parellos, situadas nun plano de equiparamento equivalentemente autónomo. E pra iso compe començar coa primeira condición, cal é a do recoñecimento da persoalidade de todol-os contratantes, xa que sin ela non hai nin seguridade nin libertade prás individualidades nacionás paitantes.

Arrincando o proceso futurista da nova estroituración ibérica da nosa conceición xurídico-política da nación galega podemos edificar a teoría da confederación, que tén o seu cerne, precisamente, nista base de libertade. Teoría iniciada xa pol-o pensamento de Proudhon, seguindo a corrente da Enciclopedia, ao traveso déla a do Renacemento e máis atrás a dos pobos clásicos, que teima construír racional e orgánicamente, de abaixo a enriba, en asento das relacións ideás e reás antre as cousas, a vida e aitividade social asegún serie continua da totalidade humâ.

Galicia, en azos de creación, con voz definida, está na obriga de pensarse xurídicamente nación e de amecer o seu espírito difrenciado â suma de todol-os espíritos difrenciados do universo. Porque, afirmando con frase de Michelet, soio o espírito tén o dereito de unir; soio íl comprende, aperta, e pra decilo dunha vegada, ama.

FRANCISCO F. DEL RIEGO.

O MEU GALEGUISMO

A miña posizón ante o galeguismo é apolítica. Quero que a serenidade enfré os meus xuízos e os arrede das xenreiras e dos amores con pasión. Teño fondas e moi fortes ideas políticas, e tiven sempre dende que era casi un neno; mais as impurezas da realidade, que decía Cánovas, o meu cada ves maor escepticismo dos homes e das suas organizazóns, e o medo ás inxustizas humáns, cecáís algunhas existentes deica fine o mundo, arrincaron de min toda vocazón de político e coído que pra sempre. En troques teño unha inesgotábel curiosidade por saber, un esprito ilimitado de crítica e unha grande estima da propia dinidade. Por esto sen ser de ningún partido político, a miña alma é, dende fai moitos anos, galeguista.

Cando eu comenzaba os estudos de segunda insinanza, encetéi decatarme que de algúns dos postos máis esgrevios de Santiago fixéranse donos homes non nados na nosa Terra, que segufan chamando outros veciños seus namentras os de aquí xexuaban; e fixéime en que paisanos deles eran os que facían bulra da nosa língua e do noso carácter na sua literatura e nos seus falares. Eu téñolle un grande amor á humanidade, e coído que os mesmos Estados de hoxe están chamados co tempo, máis cedo ou máis tarde, xuntos ou separados, a deixar caer os muros das fronteiras ante o degoiro de pas, de humanidade e atá de intrés de todos; e por ende non collín odio aos que así nos aldraxaban; máis ainda : estiméi que a xuntanza con eles na unidade hispana é unha andada máis na roita da humanidade que as patrias galega e outras fixeran xa, fai xa tempo. O que sinificóu pra min aquel desprezo foi a proba crarísima de que Galiza era un pobo con características de persoalidade propia, e que así como os románs desprezaban ás xentes de alende as fronteiras, non por ser incultas, senón por

non ser suas, tamén algúns do noso Estado abafábannos por non ser seus de todo; porque na laboura de desgaleligazón que dende varios séculos víñase facendo, eles víranse fracasados, i esta forza da nosa Terra contra a aniquilización a que fora condeada non deixou de alegrarme.

Teño entón que confesar que a orixe do meu galeguismo, foi un resentimento. Tamén o foi, ao menos en moita parte, a do noso grande poeta Rosalía, como imos lembrar escribindo uns anacos do prólogo de «Cantares Gallegos», tan sentido e tan docemente femenino:

«...Todo o que tuvo un eco, unha voz, un runxido por leve que fose, con tal que chegase a conmoerme, todo esto me atrevín a cantar neste homilde libro pra desir unha vez siquera i anque sea torpemente, aos que sin razón nin coñecemento algún nos desprezan, que a nosa Terra é dina de alabanzas, e que a nosa língoa non é aquela que bastardean e champurran torpemente nas máis ilustradísimas provincias...»

«...Non quero ferir con esto a susceptibilidade de naide, anque a decir verdade ben poidera perdonárselle este pequeno desafogo a quen tan ferida foi de todos...»

«...Foi éste o móvil principal que me impeleu a publicar este libro, que máis que nadie conozo que necesita a indulxencia de todos...»

Pero a miña dinidade de galego e a miña vocazón científica arelaban atopar unha base con que defender positivamente a miña posición galeguista, e fun, como non podía menos, á Historia, a gran mestra da vida, que gorenta a miña curiosidade e que dá o método aos meus estudos. E velahí o resume da interpretación que dela fixen:

Despóis dos pobos prehistóricos aparécenos nesta Terra o celta, que foi o que formou o cerne de Galiza. ¡Eu vexo no espírito galego tan crítico, tan irónico (a ironía paréceme o xesto de piedade que fai humano ao crítico), tan aventureiro, tan cheo de sentimento, tantos puntos de somellanza cos bretóns e os irlandeses! Abelardo empeza a crítica na Edade Media en Europa e Feixóo na Moderna en Hespaña. Chateaubriand, bretón, busca fantasías, como o irlandés Joyce, e puntos de vista estranamente novos. Renán, despóis de deitar a sua fe sinxela, atópase cunha

melancolía que ten de ser máis compañeira dél ainda que a sua tan querida e agarimosa irmán Henriette, pois ha de morrer con él. Sánches, o galego escéptico do século XVI, despóis de destruír o peripatetismo, quer unha parte positiva da sua filosofía que nél é unha fantasía, como a de Renán da suprema perfeizón da ciencia.

Pra min en troques os románs, que domeñaron Galiza pra sacarlle a riqueza en metaes do fondo do seu chan, e que foron a ocasión do estendemento do Cristianismo e así da civilización nova na nosa Terra, pasan sen deixar rastros da sua estada no noso carácter. Este pobo de brétemas, de vexetazón vizosa, de montañas laberínticas, de mar escuro, non se axeita ben co clasicismo.

Mais o século IV, cando xa non é Italia a hexémoma do imperio, senón que xermáns e orientás mandan máis que aquela, déitanos unha belida luzada sobre a Galiza, que entón é, na sua porzón máis culta, cristián. Eteria a pelengrina, se é galega, Priscilián o primeiro grande herexe da Península (pois coído con Duchesne e Künstle que Paret e Babut son unilaterás nos seus bondosos xuízos), Orosio o historiador universal primeiro e os Avitos viaxeiros teñen algunhas notas da galegitude: na sua longa viaxata Eteria, e na sua superioridade como muller, que é un dos rasgos do noso pobo o haber tido e ter mulleres de moito siso, na sua crítica e erudizón Priscilián, no seu anxeio de saber a pesar das viaxatas incómodas, Orosio e os Avitos; mais o que mellor se saca cara ao fin do período román é a perda da pseudomorfosis que impuxera a conquista por Roma e que o cristianismo arredou coa sua devolta da liberdade á concencia.

Os suevos como xermáns occidentás, máis semellantes aos celtas que os románs, ensarllanse nas loitas cos hispanos e os godos, e non se ve aínda ben o seu comportarse na Historia, mais ao fin do seu domeño a presenza de San Martiño de Braga fainos ver que o Cristianismo mantíñase aínda cheo de cultura e que os reis suevos eran admiradores da Eirexa como máis tarde habfan selo os godos. Cando Leovixildo xuntou Galiza ao seu reino, o noso pobo parecêu baixar en esplendor, mais San Froitoso e San Valerio crearon axiña outra forma de expresión da nosa personalidade: o espiritualismo enlevado no estado de ascetismo cristián.

Coa perda do reino gótico esmorece de novo a nosa Terra,

mais dentro de un século, cando a comenzos do IX descóbrese o sepulcro de Santiago, convírtese este fisterre en termo de todos os vieiros de Occidente, i é o momento de grandeza incomparábel de Galiza, que fai que a nosa língoa chege a adulta denantes que a castelán, e que os poetas dos Cancioeiros amostren a i-alma galega xa consciente de sí e que os alicerces da nosa persoalidade política, postos por homes como Xelmírez, non poidan destruírse máis. Emporiso a tomada de Toledo por Afonso VI foi o fado que había de afondir o noso orgulo. Xelmírez xa tivo que loitar á defensiva. Mais é Afonso o Emperador, o que apurou a decadencia de Galiza. Entón xurdía na nosa veira do Sul un reino que había chegar a ser axiña moi grorioso e que había de recoller agarimoso a nosa língoa pra levala polos mares descoñecidos a darlle un carácter de universalidade cando na Hespaña unha política trabucada comenzábaa a desprezar.

Ata o reinado da Casa de Avís, Galiza tivo moita influencia en Portugal. Pero o sepulcro de Santiago, padroeiro grorioso pra todos os hispanos, o esgrevio espírito comercial e mariñeiro dos portugueses e o arredamento do reino de Castela do de León con Fernando II, tan amante de Galiza como o seu fillo Afonso IX, impidiron a xuntanza da nosa Terra co seu prolongamento natural.

San Fernando ao rexuntar León a Castela foi quen comenzou a unidade política, que despóis os Reis Católicos habían de rematar. Xa os nosos nobres aséntansen noutras terras conquistadas aos mouros, e a burguesía de Castela pode máis que os Grandes que fican esnaquizándose uns aos outros en Galiza; pois non pode negarse que os Concellos casteláns, avanzadas na loita contra os mouros, foron os que deron a hexemonía a Castela frente a Galiza devastada polos señores, que preferiron o egoísmo á felicidade e ó desenrolo do noso país.

Por esto eu non lle boto a culpa maor a Castela do asoballamento de Galiza. Aínda digo máis: osmo que, se a groriosa literatura castelán dos séculos XVI e XVII aldraxounos, foi por causa nosa, pois nada pode ser máis noxento que o esquecemento e renuncia á propia persoalidade. Coido tamén que Castela como nós, como todol-os hispanos, padeceu no seu progreso por agarrimar un concepto excesivamente respeitoso da realeza que os Austrias impuxeron e que os Borbóns seguiron. A concepción

xurfdica absolutista e unitaria daqués tempos, que agrilloaba aos mesmos monarcas, servíuse da língoa de Castela, porque era a que usaba a maor parte de Hespaña e a que ergueran a deixadés dos outros pobos peninsulares.

Mais cando o espírito antidinástico comenza a espallarse dende a Franza, e a Guerra da Independenza desbota a seudomórfosis que dinastías estranxeiras impuxeran a Hespaña, xurde o renacemento da nosa língoa, preludiado xa no século XVIII por un home como o Padre Sarmiento cheo de cultura, de inxenio, de carácter e de amor á Terra, e aparéz craro a mediados do XIX con Rosalía, toda tenrura, chorosa cáseque sempre, como Galiza sofrinte, encarnazón purísima da dozura e da dór do noso pobo, e con Pondal, que recordando as grorias guerreiras dos vellos celtas, e axeitando a sua vos e a sua alma ao fungar roidoso dos pinares espesos de Bergantiños e ao soar do mar bravo da costa da morte, seméllanos un bardo redivivo, que, pra contarnos os seus trunfos da tempestade arrepiante en versos fortes, aparéz de volta da sua multiseccular estada na verde Erín na mañán groriosa co rosicler da aurora, acenándonos cun xeito rexo de director de almas que pra a Iberia, que él cré caduca, ha vir un día a lus, de esta querida Terra de Breogán e dél.

Galiza, a través da Historia, aparécenos así un pobo de persoalidade propia. Os mesmos estranos recoñéceno, e por conseguinte, senón a houbese había que facer concencia galega. A nosa Terra ten un grande incomenente: o da chea de fillos seus que fora déla, sobre todo en Madrid, sen base ningunha, reciben un lixeiro barniz centífico e cóidanse xa homes de cultura. Non se decatan que ao non estudar o seu pobo, a razón da diferenca da nosa Terra das outras hispanas, mentras procuran as novidades que os seus mestres da capital lles dan, xeralmente por desgracia de segunda mán, fica torto o seu saber e traizoan a sua obriga de ensinar ao anaco da Humanidade, que son os nosos paisanos.

Frente a Cataluña que ten unha gran cidade, que pode ser i é árbitra de modas, o noso pobo está espallado nos seus nove décimos polos campos. Por esto a concencia da persoalidade debe comenar nos nosos poucos homes cultos pra ir crescendo co aprendizaxe que deles reciban os outros. Felizmente hoxe os máis dos galegos lídos que teñen orixinalidade, vóltanse cada día máis

pra as nosas cousas. Eles recibiron do pobo a inspirazón, a vida dos seus sentires, e bós e xenerosos, con amor de gratitude a aquél, traballan e estudan, decatándose ademáis de que os homes que fixeron e fan algo pola Terra, non foron nen son, agás de honrosas esceizóns, os non galegos, aínda os que aquí viven, senón algúns fillos de Galiza a quen lles doi a escravitude dos seus irmáns. Por esto, na ringleira de homes representativos da Terra, seguidores da roita de Xelmírez, Sarmiento, Rosalía, Pondal, López Ferreiro..., non poderán endexamáis porse tantos malos i egoístas polítics como Galiza na Restaurazón dou, ou homes de ciencia de Ateneo de Madrid, similares no pequenísimos valor da súa maior parte, a tantos que pola «sociedade de bombos mutuos» e a incultura do pobo hespañol en xêral, medran por alá, senón outros que na nosa patria viven encariñados con ela: artistas sobráns do pincel ou da pruma, que saben recoller i expresar, fera ou docemente, o espírito complicado das nosas xentes, eruditos siareiros, que saben gustar toda a dozura dunha nova sabida máis sobre Galiza, filósofos que atopan nas nosas cousas e no noso modo de ser as froles exquisitas en que libar o mel dos seus análises ou meros grandes sentidores, que tanta falla nos fan, proeles todos na roita de lus que debe seguir a xuventude galega.

PAULINO PEDRET CASADO.

COUSAS DO CENTRALISMO

A uniformidade docente

Dende que un galego se atopa na idade de recibir o primeiro insiño, até que chega ao punto da súa vida que correntemente se considera como remate pra súa formación intelectual, pode afirmarse, sen exaxerare ren, que aparce colocado de costas a todo aquilo que debera ocupar un lugar preferente na súa formación. I-eisí o Estado lle ofresce unha escola na que, nen de lonxe xiquera, se lle non fai fixar a súa atención n-aquelo que máis directamente o afecta, ou sexa n-aquelo que constituie o meio ambiente en que ten de desenrolare lóxicamente a súa vida. Pol-a contra, os insiños, deficientes ou compretos que compoñen o seu estudo, corresponden tanto a unha escola galega como poideran corresponderen a unha escola andaluza. E si por eiscepción algunha vegada o escolante trata de remediare as deficienzas de un pran escolar feito, con rixidez unitaria e absurda, pra un Estado que contén dentro de sí as máis opostas variedades, él o fai faltando ás ñormas que lle están trazadas e, pol-o mesmo, incumprindo, de certo xeito, con aquilo que constituie o seu deber oficial.

N-istas condicións, o neno sal da escola esquecido de que perteesce a un pobo difrenzado, a un pobo con personalidade viva e orixinal, e sen noción algunha de aqueles deberes e obrigas máis elementaes cuio coñecimento puideran faguer dél, no momento axeitado, un cibdadán útil â súa terra e aos seus.

Ista desvirtuación, ista deformación da personalidade infantil iniciada na escola de primeiro insiño, aínda poidera ter un remedio índa que tardío, si os centros docentes aonde o neno ten de

acudire dimpóis da escola de primeiras letras, fosen xiquera algo aprosimado ao que a eficacia, a lóxica e o bon senso de consuno eisixen. Pro non hai ren de isto, sinón todo o contrário. O mal vieiro iniciado na escola primaria se aumenta na época do segundo insiño.

Os centros de insiño secundario adolecen do mesmo mal que as escolas de primeiras letras. As diversas discipriñas que constituen a materia das suas tarefas de adeprendimento, se non ocupan nen aínda remotamente do que a Galiza fai relación. Ou si o fan, o fan tan lixeiramente, de un xeito tan esvaído e probe, que o non faguelo produciría o mesmo resultado. Xeografía, Historia, Idioma, Literatura, Economía, Arte, etc., total-as múltiples variedades do saber que son susceptíbeis de especificación, que se axeitan prá particularización, se non estudan nen se teñen en conta pra ren. E os nosos bachilleres, como os nosos tiduares mercantiles, como os nosos escolantes, como todos, en suma, os que estuden calquera profesión na Galiza, saen dos centros respectivos valeiros de todo coñecimento relacionado directamente coa sua patria, fallos de aquela cultura especificada que debere sere a base de aquela outra cultura máis ampla e máis xêral. E saen pol-o mesmo, sendo alleos á sua terra, sendo como forasteiros dentro dela, i-en condicións pra seren, o que logo son a maoría deles, exemprares lamentábeis de desleigamento, de inutilidade cibdadán e verdadeiros casos patolóxicos de auto-negación.

E toda ista obra monstruosa, que un Estado como o que padecemos, absurdo, artificioso, feito tendo como basamento a máis irracional arbitrariedade, leva a cabo por medio dos seus orgaísmos docentes —os máis axeitados pra unha laboura criminal como a que deixamos abesullar entre liñas— ten o compremento axeitado na Universidade. N-isa Universidade formada, salvo eiscepcións honrosas, por eistranxeiros que a ollan como estación de tránsito obrigado pra o abrangue de cadeiras universitarias nos países da sua devoción ou da sua nacementa. Universidade que, pol-o mesmo, vive de costas ás nosas realidades, á nosa vida, sendo unha Universidade eisistente na Galiza, pro nunca unha Universidade Galega.

Tendo en conta o devandito, craramente se olla como a laboura

galeguizadora, ou millor reconqueridora, que felizmente se acha emprendida, a cobrare cada día máis folgos, ten que ser dura, lenta i-eisixente de esforzos ímprobos. Trátase, nada menos, que de unha rexa loita contra todo un orden de cousas respaldado e defendido por un Estado incomprensíbel. Por un Estado que, pese aos seus enormes fracasos, se resiste á transformación axeitada que os feitos vitas, que as realidades demandan anguriosamente. E o fai porque sabe que coa súa transformación terán de se derrumbaren indefectíbelmente, nocivos intreses creados, inconfesábeis comenanzas que soio á soma da inxustiza, da arbitrariedade e da falla de lóxica que él representa, atal e como se acha constituído, poden medraren e manterse en pé.

RAMÓN VILLAR PONTE.

EDITORIAL NÓS

RÚA DO VILLAR, 15 ★ SANTIAGO

LOTE N.º 1.

Otero Pedrayo.— A Romeiría de Xelmírez.	7.00 ptas.
Vicente Risco.— Mittleuropa.	6.00 »
Antón Villar Ponte.— Os Evanxeos da risa ausoluta	5.00 »
G. López Abente.— Vaosilveiro	2.50 »
Augusto Casas.— Vento Segrel	2.50 »
Xulio Sigüenza.— Cántigas e verbas ao ar.	2.00 »
Ramón Villar Ponte.— Historia Sintética de Galicia.	6.00 »
Ramón Cabanillas e A. Villar Ponte.— O Mariscal	1.00 »
Total	<u>32.00 ptas.</u>

ALENTO serve este lote mañifeco de libros en **25 pesetas**, a todol-os seus suscritores que o desexen, enviando nota dun suscritor novo co pago adiantado dun semestre (2.50 ptas.) e o seu enderezo.

Escriban :

Sr. Director de **ALENTO**

Algalia de Arriba, 35 - 1.º

Santiago

Envíolle o importe da miña suscrizón no primeiro semestre (2.50 ptas.), máis a do meu amigo
que mora en rúa
e 25 pesetas pra que me remitan o Lote n.º 1 da **Editorial NOS**, que anuncia a Revista no seu número catro. O total de 30 pesetas recibirano por xiro postal.

Data e siñatura.



ALENTO

.....

Noso país entra nunha nova fase. Temos de suxeitarnos ás circunstancias. ALENTO será retirado da venda pública pra sere espallado soiamentes entre nosos suscritores. Percisamos, pois, sabere con certeza o número d'estes e pol o tanto pregamos a cantos teñan rescebido os números publicados e desexen seguire recibindo os que saian, nos manden urxentemente o importe do primeiro semestre (250 ptas.) por xiro postal, a nosa dirección: Algalia de Arriba, 35-1.º, Santiago.

A cantidade —e calidade— dos traballos que temos no prelo, obrigáranos a ampriar nosas proporcións hastra 48 páxinas por número. Esto supón moitos gastos e por elo pregamos a nosos amigos, e a todol os bóns galegos, fomenten as suscricións de ALENTO.

Iniciamos a publicación de traballos en separata. Xa está á venda. «Diario dunha viaxe de nacionalistas-Galeuzca», ao prezo de seis réas. Os pedidos á nosa dirección enviando o importe mais 0,10 pra o selo. Total: 1,60 ptas.

*Axudáinos, irmáns, que son percisos todol-os esforzos.
Saúde e Terra.*

A REDAIZÓN,

ALBERTA

1911

Faint, illegible text, likely bleed-through from the reverse side of the page. The text appears to be organized into several paragraphs, possibly containing names, dates, and descriptive information. The bleed-through is most prominent in the upper and middle sections of the page.